

# Ocultar e desvelar

Manuel Xestoso

**Título:**

*Raclette*

**Autor, dirección e adaptación:**

Santiago Cortegoso

**Escenografía:**

Diego Seixo

**Deseño de son:**

Quito

**Deseño iluminación:**

Salvador del Río

**Vestuario:**

Marián Bañobre

**Elenco:**

Salvador del Río,  
Deborah Vukusic,  
Toni Salgado, Iria  
Sobrado e Marián  
Bañobre

Unha cea é, quizais, o acto social por excelencia. E o acto social sempre ten dous movementos: un de ocultación e outro de exposición. Ocultamos e expoñemos segundo o que queiramos dar a entender que somos, aínda que nese xogo é moi fácil que comece un equívoco, non o triunfo da simulación. Porque máis alá da cea hai unha realidade que debemos compartir e que non admite a fuxida sinxela das boas formas na mesa. Escoller de que lado da realidade nos poñemos sempre é máis complexo que escoller un viño que case ben co primeiro prato.

En *Raclette* hai dúas ceas e ningunha fai boa maridaxe coa realidade. O prato principal é unha mestura dos ingredientes cos que se cocina a sociedade moderna: a competitividade, a culpa, a supervivencia, a incomunicación. E, non obstante, a mestura non acaba de casar ben coas expectativas dos personaxes. Quizais porque están máis preocupados por ocultar e expoñer o que cren lles convén que en pararse a ver con que compoñentes se cocina a realidade, esa que deben repartir co resto dos comensais. Están, coma case todo o mundo, máis pendentes de si mesmos que da orixe dos seus problemas. Máis atentos ao seu prato que ao forno onde se cocen.

Santiago Cortegoso explica o conflito a través dunha narración fragmentada, que oculta, e dun sentimento unificado, que expón. Á frialdade da segmentación do relato oponse o fervor dunhas sensibilidade feridas, cuxa expresión se confía ao traballo actoral. Nesa dialéctica entre o que se desexa exhibir e o que se pretende agochar van xurdindo os elementos que operan por detrás dos personaxes e que conteñen a semente da traxedia: unha traxedia na que non hai heroes e na que ninguén quere asumir a responsabilidade dos seus actos.

É doado –e mesmo ten un grao de acerto– botarlle a culpa dos equívocos de que somos vítimas á incomunicación á que nos condena a sociedade moderna. O que xa non é tan doado é recoñecer que asumimos un compromiso con ese estrañamento a cambio dunha rendibilidade a curto prazo. É sinxelo aceptar que a vida se pon moi difícil con demasiada frecuencia, mais non é tan sinxelo admitir que participamos do silencio coa esperanza de obter algún beneficio.

Eses mecanismos de falsa defensa son o que se van poñendo en evidencia ao longo dunha función que manexa con precisión os tempos de desvelamento e de disimulo. Que cociña a lume lento as revelacións esenciais.

Hai unha evidente intención política, pero inclúe –coma nos vellos tempos– unha autocrítica que non prescinde do humano. Existe a parodia dunha clase social que semella divorciada dos problemas reais. E non obstante, a realidade segue o seu curso sen que ninguén teña moi claro como definila, sen que ninguén se atreva a dicir que no vai sentar na súa mesa.

Probablemente somos así e imos afogando nos problemas a base de non admitir a nosa ración de culpa. En todo caso, *Raclette* retrata con xustiza como todo se vai empantanando a medida que o social vai aparecendo na mesa dos individuos. Coma Banquo no banquete de Macbeth, o espectro da nosa relación co colectivo acaba por evidenciar os crimes que cometemos coa esperanza dunha vida mellor. Da vida ilusoria que se nos promete a cambio de pechar os ollos ante o asasinato da sinceridade. En xeral, acabamos chorando por non querer admitir que deberíamos ter chorado antes, por non querer prescindir do disimulo.

Talvez o final de *Raclette* non se compadece co drama que vai amosando ao longo da función. Hai unha vontade de conciliación que non se corresponde co que fomos descubriendo durante a cea. Pero non hai que tomalo demasiado en serio: é, de novo, un xogo de ocultación. Sabemos que por detrás están ocorrendo cousas que non se nos contan. Que non se expoñen.



*Raclette* de Ibuprofeno Teatro. Foto: Diego Seixo.